

CALIDOSCOPIO DE REVISTAS

A ACTUALIDADE CULTURAL E CIENTÍFICA FILTRADA A TRAVÉS DE TRES HETEROXÉNEAS REVISTAS CULTURAIS GALEGAS DAS QUE ESTES DÍAS SAEN Á LUZ NOVOS NÚMEROS

Non está de máis, de cando en vez, dirixir unha ollada ás nosas revistas culturais. Nelas, e sendo conscientes da súa diversa natureza, sempre hai lugar para se documentar, para abrir horizontes e, se é preciso, para iniciar unha dialéctica de interpretacións, e consideracións de moito proveito e diverso carácter. Análizanse aquí os contidos de tres delas que cadran estes días na súa distribución.

«ARRAIANOS»

Chega á sétima entrega esta revista dirixida por Aser Álvarez e coordinada por Suso Díaz. Unificado con fortuna o formato da serie, tras o traballo editorial de Alvarellos Editora, a Asociación Arraianos aposta, nesta ocasión, por ofrecer uns contidos centrados na temática «vivir na raia». Á marxe do interese para o lectorado xeral que poida suscitar o que en aparencia, e só en aparencia, pode considerarse un asunto local, coído que a suma de perspectivas analíticas sobre vivencias e sentires *arraianos* deixan aquí un extraordinario sabor de boca, apoiado por un atractivo tratamento estético potenciado polas magníficas e inéditas imaxes sobre a *raia* que veñen da man do artista estremeño Antonio Covarsí (Badaxoz, 1951-2006).

Diversas colaboracións, así pois, da man de autores como Méndez Ferrín, Baldo Ramos, Santiago Lamas, Juan J. Moralejo ou Mercedes Queixas entre outros van dando conta da realidade histórica, etnográfica, antropolóxica, cultural, lingüística e económica



REVISTA «Arraianos» / VIII

Aser Álvarez (dir.). Alvarellos, 291 páxinas, 10 euros. ***

dun territorio fronteirizo e, sen dúbida, universal ao que lle cumpría unha revisión totalizadora coma a presente.

«GRIAL»

A decana das nosas revistas culturais afonda, como núcleo central dos seus contidos, na figura de Luís Seoane para conmemorar así o centenario do nacemento dun dos artistas e creadores polifacéticos máis relevantes do século XX. Ben chegadas sexan estas sempre oportunas páxinas de homenaxe ao autor de *As cicatrices*, analizando, en primeiro lugar, a través da revisión das relacións que mantivo con galeguistas do interior, para logo detese no labor desenvolto nas edicións culturais argentinas e no Laboratorio de Formas, que logo se materializaría no grupo



REVISTA «Grial» / 186

«Luís Seoane entre dúas culturas». Víctor Freixanes e Henrique Monteagudo (dirs.). Galaxia, 152 páxinas. 12 euros. ***

Sada-O Castro-Sargadelos; tres artigos centrais a cargo, respectivamente, de Ramón Villares, Silvia Dolinko e mais Xosé Díaz.

Alén deste eixo temático a revista cede espazo, entre outras, para cuestións vinculadas coa lingua galega, coas investigacións coas células nai ou coa guerra da independencia desde o punto de vista dos franceses, sen esquecer o lugar para a crítica ou para a sección de creación, nesta ocasión, con propostas de Elvira Riveiro e Fuco Reyes.

«ROTEIROS»

Finalmente, velaquí a cuarta entrega desta publicación anual de pensamento crítico, centralizada agora sobre asuntos de carácter científico, tecnolóxico, biolóxico e social, que sucede aos anteriores



REVISTA «Roteiros»

«Ciencia, tecnoloxía e sociedade». Xosé Barreiro (dir.). tres páxinas, 22 euros.

números que afoxan temas como o medio ambiente e a democracia, a ciencia e o laicismo.

Compílanse así reflexións de xénero interpretativo que de diversos aspectos do concepto da ciencia, asediada por perspectivas científicas, aspectos antropológicos, éticos e ambientais, ás claras o debate os distintos enfoques sobre a actividade sempre presente e contemporánea e máis, altamente polos avances da tecnoloxía.